



**CONCELLO DE
OLEIROS**

FORMALIZACION DE CONTRATO EN DOCUMENTO ADMINISTRATIVO

“LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS. LOTE 1. ENSINO”

Dunha parte, D. ANGEL GARCÍA SEOANE, Alcalde-Presidente do Concello, en representación legal do mesmo que lle outorga o art. 21 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril.

E doutra D. ANTONIO REDONDO ÁLVAREZ, maior de idade, co DNI nº 22977992-A, actuando en nome e representación de " REALAN SERVICES S.L." co enderezo en José M Millares Sall Poeta 9, 35018, Las Palmas de Gran Canaria e CIF nº B76121078.

D. ANTONIO REDONDO ÁLVAREZ actúa en representación da citada empresa en virtude de escritura de formalización de acordos sociais, formalizada o día 18 de febreiro de 2015, co nº de protocolo 183, e de acordo a escritura de cambio de denominación social da empresa de data 13/05/2021, co nº de protocolo 785.

Ámbalas dúas partes recoñecen competencia e capacidade legal abondo para formaliza-lo presente contrato denominado “LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS,. LOTE 1. ENSINO”, que conta cos seguintes:

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

I. EXPEDIENTE

A contratación proxectada pretende satisfacer a necesidade da prestación da servizo de limpeza para diversos centros públicos pertencentes ao Concello de Oleiros, como son colexios, escolas infantís e edificios administrativos, entre outros.

A limpeza das instalacións administrativas e de ensino neste caso, é un servizo básico para o correcto funcionamento da Administración. Non proceder á limpeza dos centros administrativos suporía un incumprimento do sinalado na LPRL.

Así, por Providencia da Concelleira Delegada de Contratación instouse á incoación do procedemento para a contratación da prestación de servizo denominada “LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS” por medio de procedemento aberto.

Elabórase, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares para a súa contratación mediante o procedemento citado. Este prego adáptase ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).

Trala emisión do correspondente informe xurídico, e o informe da intervención municipal sobre consignación orzamentaria, por Acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de maio do 2024, aprobouse o





**CONCELLO DE
OLEIROS**

expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto, da prestación de servizo denominada "LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS" polo importe de 2.085.612,32 € (IVE engadido), que se desagrega nos seguintes lotes:

LOTE	ORZAMENTO SEN IVE	IVE 21%	TOTAL
Lote 1.- Ensino	1.104.763,36 €	232.000,31 €	1.336.763,67 €
lote 2.- Edificios admvos. e outros centros	396.111,60 €	83.183,43 €	479.295,03 €
lote 3.- Escolas infantís	178.698,54 €	37.526,70 €	216.225,24 €
lote 4.- Centros municipais de formación	44.073,04 €	9.255,34 €	53.328,38 €

Así mesmo, tamén se aprobaron o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas particulares que regularán esta licitación.

II. FINANCIAMENTO

O certificado de existencia de crédito e a fiscalización da Intervención realizouse con data 21 de maio do 2024.

As obrigas económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do Lote 1 deste contrato fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 61.323.21205.

Practicada a correspondente retención de crédito, por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de maio do 2024, autorizouse o gasto correspondente.

Autorizado o gasto; por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 26 de xullo do 2024, acordouse a disposición do gasto polo importe de 1.260.941,00 € (21% IVE engadido) para o **LOTE 1** da prestación deste servizo.

III. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

1.- Por procedemento aberto e aplicando para a selección do contratista multiplicidade de criterios de adxudicación; de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e coa Providencia da Concelleira delegada de Contratación.

A convocatoria licitouse mediante publicación de anuncio no DOUE e no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 5 de xuño do 2024.

2.- Proposta de adxudicación: Tras a valoración realizada na Mesa de Contratación reunida o día 20/06/2024, propónse, de conformidade co artigo 150.2 da LCSP, a adxudicación do contrato para a prestación do **Lote1 (Ensino)** do servizo denominado "LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS" á empresa "REALAN SERVICES S.L."

O adxudicatario achegou os documentos necesarios para a adxudicación do presente contrato, esixidos na cláusula 2.3.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.





CONCELLO DE OLEIROS

Entre a documentación achegada consta a garantía definitiva constituída polo importe de 52.105,00 euros mediante aval bancario da entidade Crédito e Caución nº 4.317.432 co nº de rexistro 44/24, constituída con data de 28 de xuño do 2024

3.- Adxudicación: Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data de 26 de xullo do 2024, procedeuse á adxudicación deste contrato; o cal foille notificado aos licitadores e feito público no perfil do contratante do órgano de contratación o día 31 de xullo do 2024.

E convindo a ámbalas dúas partes, en calidade de adxudicador y adxudicatario, o presente contrato de servizos, formalízano en documento administrativo, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS DO CONTRATO

PRIMEIRA.- “REALAN SERVICES S.L.” comprométese á execución do **Lote 1** do contrato de servizos denominado “LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS” con estrita suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas particulares que regularán esta licitación aprobados por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de maio do 2024, documentos contractuais que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade.

SEGUNDA.- O importe de adxudicación do **Lote 1** deste contrato é de 1.042.100,00 €, mailo 21% IVE que supón a cantidade de 218.841,00 €, o que supón un importe total de 1.260.941,00 €, que será aboado de acordo co establecido na cláusula 3.1 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato.

TERCEIRA.- Segundo o apartado H do cadro-resumo do prego de cláusulas administrativas particulares, o prazo de duración do contrato será de dous anos, prorrogable mediante dúas prórrogas de un ano cada unha.

A prestación obxecto do contrato iniciarase o día 1 de setembro do 2024 e rematará o 31 de agosto do 2026, ámbolos dous inclusive.

Para os efectos de levar a cabo o seguimento da execución do contrato queda designado como técnico responsable do mesmo D. Ramón E. Martín Palma, coordinador do departamento de Servizos Municipais.

O contratista adxudicatario deberá de executar os traballos obxecto deste contrato do xeito descrito no prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, no prego de prescricións técnicas e de conformidade coa oferta presentada, onde se describen, como criterios de adxudicación:

- Oferta económica
- Incremento na periodicidade dos servizos
- Mellora: limpeza de canalóns





**CONCELLO DE
OLEIROS**

De conformidade coa oferta presentada, “REALAN SERVICES S.L.” comprométese a:

- Realización das tarefas propostas no Prego como de realización anual cunha periodicidade semestral
- Realización das tarefas propostas no Prego como de realización semestral cunha periodicidade trimestral
- Realización das tarefas propostas no Prego como de realización mensual cunha periodicidade semanal
- Limpeza dos canalóns dos edificios públicos afectados ao contrato, dúas veces ao ano. Os labores deberán realizarse con persoal especializado con formación e equipamentos para traballos en altura.

A demora respecto ao cumprimento dos prazos contractuais, o cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato, o incumprimento do compromiso de adscrición de medios, o incumprimento das condicións especiais de execución do contrato, o incumprimento das obrigas establecidas no artigo 130 da LCSP ou o incumprimento das características da oferta vinculadas aos criterios de adxudicación; suporán a imposición das penalidades establecidas no anexo XVI do prego de cláusulas administrativas particulares.

CUARTA.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos deste e a satisfacción do Concello de Oleiros, a totalidade do seu obxecto.

A constatación do seu cumprimento esixirá que o Concello adopte un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á realización do obxecto do contrato, de acordo co artigo 210 da LCSP.

De conformidade co establecido no PCAP, o prazo de garantía do contrato terá unha duración de tres meses contado desde a sinatura da Acta de Conformidade dos traballos.

QUINTA.- Para responder do cumprimento deste contrato, “REALAN SERVICES S.L.” constituíu a garantía definitiva polo importe de 52.105,00 euros mediante aval bancario da entidade da entidade Crédito e Caución nº 4.317.432 co nº de rexistro 44/24, constituída con data de 28 de xuño do 2024.

SEXTA.- De conformidade coa cláusula 3.5 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado K do cadro-resumo, non procede a revisión de prezos do contrato.

SÉTIMA.- “REALAN SERVICES S.L.” queda vinculada pola oferta presentada, na cal se inclúen aqueles aspectos que foron obxecto de valoración e que serviron de base para a adxudicación deste contrato.

O contratista adxudicatario ten o deber de executar o contrato de acordo coas prescricións contidas nos citados documentos aos cales está vencellado.

OITAVA.-:

8.1.- De acordo co establecido no Anexo XV do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese como condición especial de execución deste contrato as seguintes:





• **Social e/ou ético:**

- **Condición de natureza social:** compromiso de elaboración dun plan para favorecer a formación no lugar de traballo. A empresa adjudicataria deberá presentar no prazo dun mes dende a formalización do contrato ante o responsable do mesmo un plan de formación descritivo da formación que realizarán os seus traballadores no período de duración do contrato. Ao final de este, haberán de xustificar a súa realización ante o responsable do contrato.

O incumprimento das condicións especiais de execución terá a consideración de infracción grave aos efectos de imposición de las penalidades establecidas no anexo XVI do prego de cláusulas administrativas particulares.

8.2.- Establécense como obrigas esenciais deste contrato:

- O cumprimento das características da oferta vencelladas aos criterios de adjudicación.
- O cumprimento dos compromisos de mantemento das condicións laborais que estableza o convenio colectivo de aplicación ás persoas traballadoras adscritas á execución do contrato.

8.3.- Serán causas de resolución contractual, ademais das legalmente establecidas, as seguintes:

- As consideradas como obrigas esenciais deste contrato establecidas no anexo XVII do prego de cláusulas administrativas particulares.
- O incumprimento dos prazos contractuais.
- O cumprimento defectuoso da prestación nunha terceira ocasión.
- O incumprimento acreditado por terceira vez das condicións especiais de execución do contrato.

NOVENA.- Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, a Administración ostenta a prerrogativa de interpretar este contrato, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modifícalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los efectos desta.

Os acordos correspondentes, adoptados logo de concederlle audiencia ao contratista, poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, e contra dos mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita xurisdición.

DÉCIMA.- A preparación, adjudicación, efectos e extinción deste contrato rexeráse polo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas particulares reguladores desta licitación; e para o non previsto neles, será de aplicación:

- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traslada ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014;
- O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público;
- E o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas en todo o que non se opoña ao RDL 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009;





**CONCELLO DE
OLEIROS**

- Complementariamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O descoñecemento do contrato administrativo en calquera dos seus termos, dos documentos anexos a este ou das instrucións, pregos ou normas de calquera índole ditados pola Administración que poidan ter aplicación directa na execución do pactado, non eximirá ao adxudicatario da obrigaón do seu cumprimento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Sr. Alcalde-Presidente do Concello advirte ao contratista do deber de cumprir coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de Seguridade e Saúde no traballo, disposicións que estivesen vixentes ou que puidesen promulgarse durante a execución do contrato.

Así mesmo, o contratista deberá de observar os deberes relativos á tributación, á protección do medio ambiente e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais. Así mesmo, deberá observar tamén as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

En proba e testemuña, de conformidade con este documento, asinan dixitalmente ámbalas dúas partes na data que figura no pé das sinaturas; sendo a data do contrato a da última sinatura.

O ALCALDE

O CONTRATISTA

Asdo: Angel García Seoane

Asdo: Antonio Redondo Álvarez

